



ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

**23 de maio**  
**ás 20:30H**

Charla de Camiño Noia  
sobre a figura de Antonio  
Fraguas Fraguas.

Grupo Teatro do Ar coa  
obra *Distintas compañías*.

Urbano Cabrera  
interpretará pezas do seu  
último disco *Soñarás en  
maio coas chuvias de abril*.

LETRAS  
GALEGAS

20  
19

iem

O vindeiro xoves 23 de maio o Instituto de Estudos Miñoráns, IEM, en colaboración co concello de Gondomar, celebrará unha homenaxe a **Antonio Fraguas Fraguas**, a quen se lle dedica a data das Letras Galegas este ano.

**Camiño Noia Campos**, catedrática emérita de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo, ofrecerá unha charla sobre este narrador oral excepcional e intelectual con unha popularidade moi pouco común, que contribuíu ademais a defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento.

## Homenaxe a Antonio Fraguas Fraguas. Xoves 23 de maio ás 20:30H

Escrito por IEM -Sec  
Venres, 17 Maio 2019 00:10

---

O grupo **Teatro do Ar**, representará a obra *Distintas compañías* inspirada en contos e lendas recollidas por Antonio Fraguas.

Acompañando á palabra e a escena, estará a actuación de **Urbano Cabrera**, cantautor galego de ampla traxectoria no mundo da música, comprometido coa potenciación do idioma galego, en toda clase de estilos, dende o folkata o blue.

O primeiro disco de Urbano Cabrera, *Tarantela*, saíu á luz en 1996, ó que seguirán *Segundo Andar* no 2000 e *Penalba* en 2004. En 2018 edita o recopilatorio Selección, tanto en formato físico coma en streaming. En maio de 2019 sairá publicado o seu derradeiro traballo *Soñarás en maio coas chuvias de abril*.

**O acto terá lugar na Aula de Cultura Ponte de Rosas, Avda. da Feira 10 Baixo, ás 20:30H**